

179 ANIVERSARIO DO SEU NACIMENTO

Galicia homenaxe a Rosalía de Castro como "referente necesario" para a "dignidade" da lingua e a cultura galegas

24.02.2016

SANTIAGO. EP

Concellos, entidades culturais, museos, centros educativos e institucións de toda Galicia celebraron este mércores o Día de Rosalía, na xornada que se cumpre o 179 aniversario do nacemento da escritora galega, con distintos actos nos que reivindicaron a súa figura como "referente necesario" na busca de "dignidade" para a lingua e a cultura galegas.

O presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, abriu a xornada cun acto de homenaxe na Alameda de Santiago de Compostela, no que se depositou unha coroa de loureiro na estatua que recorda a Rosalía.

O acto contou coa participación de representantes de todos os grupos do Concello compostelano, o alcalde, Martiño Noriega, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez. Así mesmo, xunto á música das gaitas, varios nenos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago lerón poemas da autora.

Durante a homenaxe, Angueira destacou que Rosalía de Castro "segue viva" a día de hoxe en ámbitos como o mundo académico, o mundo escolar, as artes plásticas ou a creación musical e reivindicou a vixencia do seu "proxecto".

"Con Rosalía naceu a esperanza unha Galicia libre e digna, que quere dignidade para o seu pobo, para a súa cultura e, sobre todo, para a súa lingua", resumiu Anxo Angueira.

MULLER LIBRE E COMPROMETIDA

Na mesma liña, o alcalde de Santiago fixo fincapé no "espazo de incomodidade" que Rosalía de Castro "habitou" para o seu tempo, con respecto ás "posicións" que adoptou "como muller" e como escritora.

Martiño Noriega destacou que a autora "se reivindicou como muller libre" e mantivo o seu "compromiso coa lingua" nun "momento moi complicado e moi difícil" no que "foi atacada e incomprendida".

Por iso, o rexedor compostelano rexeitou que se "revisite" unha "imaxé edulcorada" da autora que "non lle fai xustiza á súa traxectoria vital". De forma paralela, reivindicouna como "referente más necesario que nunca" hoxe en día, tanto dende o punto de vista do xénero coma do seu "compromiso" con Galicia e co seu idioma.

PENSAMENTO TRANSFORMADOR

Tamén a súa vixencia sacou a colación o conselleiro de Cultura, que instou os galegos a "unirse en torno a Rosalía" eloxiou o seu "pensamento transformador" como muller e "como persoa comprometida coa lingua e a cultura" de Galicia.

A día de hoxe, asegurou Román Rodríguez, Rosalía "estaría contenta" de que a lingua galega coa que ela se comprometeu "sexa usada con total normalidade", así como de que as mulleres "alcanzaran logros e avances tremendamente significativos", apuntou, para concluír desexando que "o pensamento, obra e figura de Rosalía nos siga unindo como pobo durante moitos anos".

ACTOS EN PADRÓN

Aínda que Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela, a localidade na que viviu a maior parte da súa vida e onde

está a súa casa, Padrón, tamén acolle este mércores distintos actos.

Así, a Fundación Rosalía e o Concello de Padrón celebraron un acto de homenaxe con "música e flores" no Esporón, no que participaron as 'cantareiras' do Grupo Rosalía. Xa pola noite, os actos do 179 aniversario do nacemento da escritora continuarán nesta localidade cun concerto de Xardín desordenado, unha formación musical viguesa o obxectivo da cal é promover a poesía.

REAL ACADEMIA GALEGA

A Real Academia Galega (RAG) celebra tamén o Día de Rosalía cun concerto de Amancio Prada, que acollerá a súa sede a partir das 19,30 horas.

No espectáculo, Amancio Prada interpretará algúns dos poemas máis coñecidos de Rosalía musicados, como 'Como chove muidiño', 'A xusticia pola man' ou 'Campás de Bastabales'.

Baixo o título 'Rosalía non son e na voz de Amancio Prada', o acto pretende ser "un regalo do músico berciano no día do aniversario do nacemento de Rosalía", explica a institución académica. Entre outras autoridades, está prevista a asistencia do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

OUTROS ACTOS

Numerosos municipios acollerán este mércores actos para festexar a figura da autora, como é o caso do de Ourense, onde alumnos da cidade protagonizaron un acto con recital e música na rúa Rosalía de Castro.

En Lalín (Pontevedra), un grupo de alumnos do instituto Laxeiro recitou poemas xunto ao monolito dedicado á escritora no parque de Loriga, un acto ao que asistiron entre outros, o alcalde, Rafael Cuíña.

A cidade da Coruña programou actividades en distintos centros, como é o caso da Biblioteca Infantil e Xuvenil municipal, que acolle esta tarde unha lectura de textos da poeta. Así mesmo, en colaboración coa Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega, a Biblioteca Municipal do Centro Ágora acolle tamén unha lectura en voz alta protagonizada por colectivos, asociacións e escritores.

En Vigo, o barrio do Calvario acolleu unha lectura a cargo de alumnos da cidade e o alcalde, Abel Caballero, animou aos comerciantes do mercado a que coloquen nos seus escaparates vinilos con poemas da autora.